

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VEDRA

Secretaría-Intervención

Aprobación definitiva da Ordenanza fiscal nº 26 reguladora da taxa pola prestación dos servizos de dirección de obra, control de calidade e coordinación en materia de seguridade e saúde

ANUNCIO

Aprobación definitiva da ordenanza fiscal núm. 26 reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos

O Pleno do concello en sesión ordinaria celebrada o día 30 de novembro de 2023 aprobou inicialmente a Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación dos servizos de dirección de obras, control de calidade e coordinación en materia de seguridade e saúde

Ao non presentarse alegacións durante o período de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o citado acordo.

De conformidade co disposto no artigo 17.4 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, faise público o texto íntegro da mesma:

ORDENANZA FISCAL NÚM. 26 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE DIRECCIÓN DE OBRAS; CONTROL DE CALIDADE E COORDINACIÓN EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE

Artigo 1.- Fundamento e obxecto.

En uso das facultades contidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto no artigo 20 en relación cos artigos 15 a 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este concello establece a taxa por dirección de obras municipais, de control de calidade e coordinación en materia de seguridade e saúde.

Artigo 2.- Feito Impoñible.

Constitúe o feito impoñible desta taxa a realización, por persoal técnico competente deste concello ou contratado polo mesmo a estes efectos, dos servizos indicados no artigo anterior con motivo da execución dunha obra municipal.

Artigo 3.- Suxeitos pasivos.

Son suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que sexan contratistas adxudicatarios dunha obra municipal.

Artigo 4.- Cota Tributaria.

A cota determinarase mediante a aplicación das seguintes porcentaxes sobre o orzamento base de licitación:

Dirección de obras	2,00 %
Control de calidade	1,00 %
Coordinación en materia de seguridade e saúde	0,50%

Artigo 5.- Devindicación.

A taxa devindícase coa prestación dos servizos citados.

Artigo 6.- Normas de xestión e recadación.

1. Unha vez aprobada a adxudicación a persoa contratista, a alcaldía aprobará a liquidación da taxa e ordenará que se practique a súa notificación, con expresión de cantos extremos se enuncian no artigo 102 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

2. O ingreso deberá realizarse pola persoa adxudicataria de acordo cos seguintes prazos:

- 50% do importe liquidado, con anterioridade á aprobación da primeira certificación ou no seu defecto, da presentación da primeira factura.
- 50% do importe restante, con anterioridade á aprobación da última certificación ou, no seu defecto, da presentación da última factura.

3. Os suxeitos pasivos desta taxa poderán impugnar ditas liquidacións na forma prevista no artigo 14 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

As que non se ingresasen en período voluntario de pago esixíranse a través do procedemento executivo de prema regulada na Lei e Regulamentos citados.

Artigo 7.- Infraccións e Sancións.

En todo o referente a infraccións e sancións, será de aplicación a Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, en concreto os artigos 181 e seguintes, así como as súas disposicións de desenvolvemento, segundo o disposto no artigo 11 o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Disposición Final.

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor o mesmo día da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia.

Vedra, 24 de xaneiro de 2024

O Alcalde

Asdo. Carlos Martínez Carrillo

2024/520